



Guía Docente

Datos Identificativos				
				2015/16
Asignatura (*)	Planificación e xestión de destinos e novos produtos turísticos para reunións e convencións	Código	615488009	
Titulación	Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos (plan 2012)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Análise Económica e Administración de Empresas Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinación	Rodríguez Fernández, María Magdalena	Correo electrónico	magdalena.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Rodríguez Fernández, María Magdalena	Correo electrónico	magdalena.rodriguez@udc.es	
Web				



Descrición xeral	<p>Os obxectivos da materia son os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none">1) Definir e contextualizar conceptos básicos relacionados co turismo MICE, así como analizar a situación actual e tendencias futuras no mercado do turismo de negocios e reunións.2) Coñecer os axentes ou entes implicados máis importantes no desenvolvemento deste tipo de turismo.3) Estudar as características máis importantes que diferencian os congresos; as convencións; as xornadas, seminarios, simposios; as feiras, salóns, exposicións e; as viaxes de incentivos.4) Analizar e desenvolver os pasos a seguir para organizar un congreso nos seus diferentes aspectos.5) Determinar a importancia da mercadotecnia de destinos e produtos no turismo de negocios e reunións coa finalidade de salientar determinados aspectos vinculados á comercialización, comunicación, imaxe e posicionamento. <p>A utilidade desta materia para a Planificación e Xestión do turismo fundaméntase en:</p> <ol style="list-style-type: none">a) Mellorar a prosperidade a longo prazo da comunidade local.b) Deleitar aos visitantes maximizando a súa satisfacción.c) Aumentar a rentabilidade das empresas locais e os efectos multiplicadores na súa economía.c) Optimizar os impactos do turismo, asegurando un equilibrio sostible entre beneficios económicos e custos socioculturais e ambientais.d) Promover o destino e satisfacer as necesidades de turistas e comunidade local. <p>Entre os beneficios que reporta o turismo de negocios e reunións, cabe destacar os seguintes: Económicos, Culturais (status, formación...), Desestacionalización, Publicidade beneficiosa e gratuíta, Crecemento de ingresos debido a que o gasto medio deste tipo de turistas é superior ao vacacional, Diversificación da oferta, Economías de escala e Boa imaxe de destino</p> <p>Esta tipoloxía de turismo contribúe polo tanto, ao posicionamento turístico das cidades, dos organizadores, dos patrocinadores e dos colaboradores e mesmo das temáticas específicas dos congresos.</p> <p>Cabe precisar que os alumnos disporán de todo o material necesario para o seguimento da materia. O devandito material estará dispoñible en power point, colgarase en moodle e consta de:</p> <ol style="list-style-type: none">1) Presentación da materia onde se detalla todo o necesario para entender o sentido xeral da mesma.2) Presentación e explicación de todos os temas que configuran a devandita materia.3) Presentación da estrutura, os pasos a seguir e os contidos necesarios para a realización do traballo final da materia.
-------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Que os alumnos aprendan as técnicas de dirección de organizacións públicas e de empresas do sector turístico
A7	Capacidade para interpretar os cambios sociais e como afectan ás innovacións nos produtos e ao comportamento do consumidor
A8	Planificar novos destinos e produtos turísticos
A10	Manexar as TIC para a comunicación, promoción e a comercialización
A11	Saber definir proxectos de investigación innovadores que repercutan positivamente no sector
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B8	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B9	Traballar de forma colaboradora.
B11	Capacidade para interpretar, seleccionar e valorar conceptos adquiridos noutras disciplinas do ámbito turístico.



B14	Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, creatividade, razoamento crítico e de comunicar e transmitir coñecementos habilidades e destrezas.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Describir a situación actual e as tendencias futuras no mercado do turismo de reunións e convencións.	AM7	BM2
Identificar os axentes ou entes implicados no desenvolvemento do turismo de reunións e convencións.	AM4		
Planificar novos produtos turísticos para reunións e convencións.	AM7 AM8 AM10	BM11 BM14	CM3
Aplicar os pasos a seguir para organizar un congreso nos seus diferentes aspectos.	AM10 AM11	BM2 BM8 BM9 BM11	CM5
Evaluar a importancia da mercadotecnia de destinos e produtos no turismo de negocios e reunións.	AM7 AM10	BM11	
Aplicar as TIC para a comunicación, promoción e a comercialización de produtos turísticos para reunións e convencións.	AM10		CM3

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: INTRODUCCIÓN AO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN S	1.1. DEFINICIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN S 1.2. SITUACIÓN ACTUAL E TENDENCIAS DO MERCADO DE NEGOCIOS E REUNIÓN S 1.3. O TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN S EN ESPAÑA, GALICIA E CORUÑA: ANÁLISE DA OFERTA E DEMANDA
TEMA 2: ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN S	2.1. OS CONVENTION BUREAU 2.2. EMPRESAS OPC: ESTRUTURA E FUNCIÓN S 2.3. AXENCIAS DE EVENTOS 2.4. AXENCIAS DE COMUNICACIÓN 2.5. PROVEDORES DE SERVIZOS: ANIMACIÓN, CATERING, AXENCIAS DE VIAJES,? 2.6. PAZOS DE CONGRESOS E EXPOSICIÓN S 2.7. RECINTOS FEIRAS 2.8. ASOCIACIÓN S E OUTROS AXENTES IMPLICADOS: MEDIOS DE COMUNICACIÓN, ADMINISTRACIÓN, TRANSPORTES..
TEMA 3: O CONGRESO, A CONVENCION E OUTRAS TÉCNICAS DE NEGOCIO E REUNION ASOCIADAS AO MUNDO DA EMPRESA TURÍSTICA	3.1. OBXECTIVOS E FUNCIÓN S. 3.2. CARACTERÍSTICAS: CONTIDOS E PROGRAMA; TEMPORALIDADE; DESTINATARIOS; DIFUSIÓN; INTENSIDADE; REQUISITOS INTERNOS; CORPORATIVIDADE; ACCIÓN S PARALELAS
TEMA 4: A ORGANIZACIÓN DUN CONGRESO	4.1. FASES E DESENVOLVEMENTO 4.2. PREPARACIÓN E ORGANIZACIÓN 4.3. COMERCIALIZACIÓN E DIFUSIÓN 4.4. EXECUCIÓN E CONTROL



TEMA 5: A APLICACIÓN DO MARKETING DE DESTINOS E PRODUTOS AO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓNS	<p>5.1. QUE DEBE FACER UN DESTINO PARA TER ÉXITO NESTE TIPO DE TURISMO</p> <p>5.2. PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓNS</p> <p>5.3. A IMPORTANCIA DA IMAXE E O POSICIONAMENTO PARA O TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓNS</p>
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A7 C3	21	0	21
Lecturas	B8 B2	4	8	12
Traballos tutelados	A8 A10 A11 B9 B11 B14 C5	15	20	35
Presentación oral	B7	1	0	1
Saídas de campo	A4	3	0	3
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Explicación dos contidos que conforman o marco teórico da materia mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, a través de medios audiovisuais (power point) e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe
Lecturas	<p>Facilitaranse como máximo aos alumnos dous textos ou lecturas de carácter obrigatorio como complemento ás sesións maxistras. O obxectivo destas é xerar discusión, fomentar a participación activa do alumno e resolver as cuestións que se formulen. O idioma das devanditas lecturas poderá ser o inglés ou o castelán.</p> <p>As lecturas deberán ser desenvolvidas tanto polos alumnos da modalidade presencial coma polos da non presencial. Estas consideraranse na avaliación final da materia, polo que é importante que todos os alumnos as entreguen.</p>
Traballos tutelados	<p>Para o caso de modalidade presencial:</p> <p>Elaboración dun traballo en grupo relacionado coa materia en cuestión, onde o alumno deberá ser capaz de organizar un congreso de turismo nun destino, cuxa temática e lugar quedarán a elección deste. Para iso deberán crearse entre dous e tres grupos de traballo.</p> <p>Durante a impartición das sesións maxistras levarase a cabo a tutorización correspondente ao traballo desenvolvido, así como o seguimento do labor levado a cabo polos diferentes grupos.</p> <p>Os traballos deberán expoñerse en público nas datas establecidas.</p> <p>Para o caso de modalidade non presencial:</p> <p>A elaboración do traballo será individual, salvo que alguén desexe formar grupos virtuais con outros alumnos da súa mesma modalidade, o cal deberá comunicalo coa suficiente antelación á profesora.</p> <p>Para os alumnos desta modalidade o traballo terá o mesmo contido que no caso da modalidade presencial.</p> <p>Os alumnos non presenciais tamén serán tutorizados de forma continua e farase un seguimento do seu traballo de forma individual ou colectiva, segundo sexa o caso.</p> <p>Poderán expoñer o seu traballo utilizando para iso os medios audiovisuais que sexan posibles e esteñan ao alcance de todos.</p>



Presentación oral	Os diferentes membros do grupo, ou os alumnos de forma individualizada deberán expoñer o traballo tutelado como xa se ten especificado na metodoloxía anterior. Aspecto que será valorado na nota final.
Saídas de campo	Saídas externas para coñecer in situ o funcionamento de empresas relacionadas coa organización de eventos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas Traballos tutelados	<p>Os diferentes membros do grupo, ou os alumnos de forma individualizada poderán consultar as dúbidas correspondentes ao desenvolvemento das lecturas e do traballo tutelado.</p> <p>Os horarios de clase son os seguintes: Semana do 1 ao 5 de Febreiro De 18:15 a 20:30 horas Semana do 10 ao 12 de Febreiro De 16:00 a 18:15 horas</p> <p>As Titorías realizaranse por teléfono, por correo electrónico ou de forma presencial, nas seguintes semanas: Un día durante a primeira semana de clase. Un día durante a segunda semana de clase. Un día durante a terceira semana de febreiro. Dous días durante a terceira semana de marzo.</p> <p>Lugar Titorías:</p> <p>Facultade de Economía e Empresa, Despacho: 219A Teléfono: 981.167.000, Extensión: 2592 Correo electrónico: magdalena.rodriguez@udc.es</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	B8 B2	<p>Neste caso propóñense como máximo dous artigos ou lecturas obrigatorias, cuxos alumnos de ambas as dúas modalidades (presencial e non presencial) deberán ler, comentar, opinar e responder a unha serie de cuestións que se formulen nestas.</p> <p>As devanditas lecturas deberán ser desenvolvidas por todos os alumnos de xeito individual, as cales supoñerán un 10% na cualificación final da materia, sempre que se cumpran unha serie de requisitos, entre os cales se encontran, calidade de redacción, opinión contrastada, utilización de fontes bibliográficas, etc.</p> <p>O prazo de entrega das devanditas lecturas farase a cuarta semana do mes de febreiro.</p>	10



Traballos tutelados	A8 A10 A11 B9 B11 B14 C5	<p>Avaliación continua do traballo realizado ao longo da materia. O desenvolvemento do traballo ben sexa en grupo (modalidade presencial) ou individualizado (modalidade non presencial) representará o 80% da nota final.</p> <p>Na devandita valoración teranse en conta os seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none">1) Orixinalidade2) Aplicación de fundamentos3) Calidade da redacción4) Utilización de fontes bibliográficas <p>Para superar a materia, é necesario alcanzar unha puntuación mínima do 50% no traballo tutelado.</p> <p>A entrega do traballo tutelado farase durante a terceira semana do mes de abril.</p>	70
Presentación oral	B7	<p>O grupo (modalidade presencial) ou alumno de forma individual (modalidade non presencial) deberá expoñer o seu traballo, empregando para iso os medios audiovisuais que poidan e esteñan ao seu alcance.</p> <p>É necesario entregar a presentación do traballo en power point ou en calquera outro formato similar.</p> <p>A presentación suporá o 20% da nota final da materia onde de forma individualizada valorarase en cada alumno esa porcentaxe tendo en conta os seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none">1) Calidade da presentación2) Precisión e claridade da exposición e das respostas. <p>No caso de modalidade presencial todos os integrantes do grupo deberán expoñer unha parte do traballo dado que a nota da presentación oral será otorgada de forma individualizada a cada alumno.</p> <p>No caso de que un alumno de modalidade non presencial non puidese expoñer o seu traballo, valorarase a presentación en power point, tendo en conta a calidade da presentación e a precisión e claridade nas respostas ás preguntas que a profesora lle formule posteriormente.</p>	20

Observacións avaliación

Nota: Os alumnos de modalidade non presencial poderán formar grupos de traballo con alumnos da súa mesma modalidade, sempre e cando llo notifiquen previamente ao profesor e este o considere oportuno. A revisión das cualificacións da primeira oportunidade realizaranse durante a terceira semana de abril. O sistema de avaliación aplicado na primeira oportunidade manterase para a oportunidade de Xullo. De modo que o alumno deberá entregar as lecturas correspondentes e o traballo. A entrega de traballos e lecturas na segunda oportunidade realizaranse na terceira semana do mes de xullo e a revisión das cualificacións farase na cuarta semana do mes de xullo.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- BUENDÍA, J.M. (2009). Organización de Reuniones, Convenciones, Congresos y Seminarios. México, Trillas- GARCÍA, J.M.; SUCH M.J (2010). Influencia de los mega-eventos en la oferta alojativa de un destino: los juegos olímpicos. Análisis Turístico 10 2º semestre, pp. 45-55- KIRANT, O; IÇÖZ, O (2010). A Model Proposal on the Use of Creative Tourism Experiences in Congress Tourism and the Congress Marketing Mix. PASOS. Revista de Turismo y Patrimonio Cultural, Vol. 8(3) Special Issue págs. 105-113.- LÓPEZ, D. et al (2008). Turismo de negocios y reuniones. Congresos, convenciones e incentivos,. Valencia, Tirant lo Blanch- RODRÍGUEZ, M.M (2015). Material básico para el seguimiento de las sesiones magistrales.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías